



ORZAMENTO XERAL ORDINARIO PARA 2019

INFORME DE INTERVENCIÓN

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, do que é Presidente D. Pablo Pérez Pérez en cumprimento da citada base legal;

BASE LEGAL:

ARTÍGO 168.4 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS

ARTÍGO 214 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS

ARTÍGO 18.4 DEL REAL DECRETO 500/90

ARTÍGO 4.1 DEL REAL DECRETO 1174/87

LEI 57/2003 DE 16 DE DICIEMBRO DE MEDIDAS PARA A MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL

LEI 38/2003 DE 17 DE NOVIEMBRE, XERAL DE SUBVENCIONS

LEI 58/2003 DE 17 DE DICIEMBRE, XERAL TRIBUTARIA.

LEI 47/2003 DE 26 DE NOVIEMBRE, XERAL PRESUPUESTARIA

LEI ORGANICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

RD 424/2017, DE 28 DE ABRIL, DE REGIMEN XURIDICO DO CONTROL INTERNO DAS ENTIDADES DO SECTOR PUBLICO LOCAL

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2019, formado polo Sr. Presidente do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

INFORMA

1º.- O expediente sometido ó preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

1. Estado de Gastos
2. Estado de Ingresos
3. Bases de execución
4. Memoria da presidencia.
5. Liquidación do 2017 (Estado de execución a 31-12-17)
6. Avance da liquidación do 2018
7. Anexo do persoal do Consorcio.



8. Anexo de investimentos
9. Informe Económico – Financeiro
10. Informe de Intervención
11. Informe de estabilidade orzamentaria e regra de gasto
12. Proposta de ditame da Presidencia.

Obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2º.- Os **estados de gastos e ingresos do orzamento ascenden a 4.302.000,00 euros** respectivamente.

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

3º.- Unha análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto corrente do orzamento:

3º.A) Gastos de persoal.

PERSOAL LABORAL FIXO

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos destinados para as retribucións do xerente do Consorcio, dun administrativo informático, dunha persoa dedicada a tarefas de limpeza e dun cargo electo do Pleno do Consorcio máis os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa.

3º.B) Compra de bens correntes e servizos.-

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para o pago de seguros de RC, material de oficina, comunicacións, destacando sobre o resto a cantidade destinada a estudos e traballos técnicos. No exercicio 2019 destínanse unhas cantidades destinadas a reforzos do persoal, e para os gastos do grupo operativo de Drons de emerxencias e persoal técnico de apoio operativo o Consorcio.

4º.- Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financeiro subscrito pola presidencia, están previstos nos estatutos do Consorcio, publicado no DOGA o día 08 de maio de 2015. Incrementase a aportación de UNESPA tomando como referencia o aumento do exercicio 2018 respecto o presupostado nos orzamentos do exercicio 2018.

Os ingresos correspondentes a Outras taxas por prestación de servizos básicos tamén sufrirá variacións en positivo con respecto as do exercicio 2018.



5º.- As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: “*El Presupuesto General atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren: los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones*”

Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio. Asimismo, incluirá las Bases de Ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad (...)”

6º.- O anexo das investimentos detalla os investimentos previstos para o exercicio 2019 pola xerencia do Consorcio.

7º.- A tramitación do expediente para a aprobación do Orzamento acomodarse ao seguinte procedemento, conforme o exposto no artigo 169 do TRLRHL

- a) Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio **e do Pleno da Deputación..**
- b) Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver o Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.
- c) Aprobado definitivamente, exporase ao público por capítulos nos mesmos medios.
- d) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- e) Remisión de copia á Administración do Estado e da CCAA
- f) O expediente deberá estar a disposición do público ao longo de todo o exercicio xunto coas modificacións que se produzan.

8º.- Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública segundo o exposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A.- Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de equilibrio en termos de capacidade de financiación.

B.- Non procede o cálculo do estudo individualizado da regra do gasto, por ser unha magnitude consolidada que se analizará no informe da liquidación orzamentaria da Deputación Provincial de Ourense. **Individualizada, cumpre coa regra de gasto.**

C.- Cumpre co límite de débeda, posto que non ten endebedamento.



En consecuencia ao exposto e de conformidade co establecido no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais procede informar:

- a. O Orzamento cumpre coas prescricións legais e contén as previsións necesarias para atender as obrigas do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante a súa execución.

Tal é a opinión da que subscribe, que somete o Pleno do Consorcio.

Ourense, 20 de setembro de 2018

A interventora Xeral

Mónica Legaspi Díaz